ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001136	Francisco Aguiar	Betanzos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM03	Xestión de vendas e espazos comerciais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0625	Loxística de almacenamento	2023/2024	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA HELENA RODIL FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O modulo Loxística de almacenamento (código 0625) é un dos Módulos Profesionais do Ciclo Formativo de Grado Superior de "Xestión de Vendas e Espazos Comerciais", regulado polo Real Decreto 1573/2011 de 4 de novembro (BOE nº 299, de 13 de decembro), polo que se establecen las ensinanzas correspondentes ó Título de Técnico Superior en "Xestión de Vendas e Espazos Comerciais", con correción de erros no BOE nº 40 de 16-02-2012.

Na Comunidade Autónoma de Galicia é Decreto 50/2016, do 7 de abril, o que establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais.

O perfil profesional do título de Técnico Superior en Xestión de Vendas e Espazos Comerciais queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, e pola relación de cualificaciones e, no seu caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionais incluídas no título.
A competencia xeral deste título consiste en gestionar as operacións comerciais de compraventa e distribución de produtos e servizos, e organizar a implantación e animación de espazos comerciais segundo criterios de calidade, seguridade e prevención de riscos, aplicando a normativa vigente.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título, relacionadas co módulo Logística de almacenamiento, son as seguintes:
-Organizar o almacenaje de mercancías nas condicións que garantan a súa integridad e o aprovechamiento óptimo dos medios e espazos dispoñibles.
-Adaptarse a novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos á súa contorna profesional, gestionando a súa formación e aprendizaxe.
-Resolver situacións ou problemas con iniciativa e autonomía, dentro da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no do seu equipo.
-Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o desenvolvemento do mesmo, mantendo relacións fluídas e aportando solucións aos conflitos que se presenten.
-Comunicarse cos seus iguais, superiores, clientes e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información ou os coñecementos adecuados e respectando a autonomía e competencia das persoas da súa contorna de traballo.
-Xerar ambientes seguros de traballo, supervisando e aplicando procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo coa normativa legal e os obxectivos da empresa.
-Supervisar e aplicar métodos de xestión de calidade, nas actividades profesionais incluídas nos procesos comerciais ou prestación de servizos.
-Realizar a xestión básica para a creación e funcionamento dunha pequena empresa, con iniciativa na súa actividade profesional e responsabilidade social.
-Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigacións derivadas da súa actividade profesional, segundo o establecido na lexislación vigente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Entorno profesional e postos de traballo: As persoas que obteñen este título poden exercer a súa actividade en empresas de calquera sector produtivo e principalmente do sector do comercio e marketing, realizando funcións de planificación, organización e xestión de actividades de compraventa de produtos e servizos, así como de deseño, implantación e xestión de espazos comerciais.
Estes técnicos poden traballar por conta propia, gestionando a súa empresa con actividades de compraventa de produtos e servizos, ou traballar por conta allea nos subsectores de:
-Industria, comercio e agricultura, no departamento de vendas, comercial ou de marketing.
-Empresas de distribución comercial (mayorista e minorista), no departamento de compras, vendas, marketing ou deseño e implantación de espazos comerciais.

-Entidades financeiras e de seguros, no departamento de vendas, comercial ou de marketing.
-Empresas intermediarias no comercio como axencias comerciais, e empresas de asesoramiento comercial e xurídico, entre outras.
-Empresas importadoras, exportadoras ou de logística e transporte.
-Asociacións, institucións, organismos e organizacións non gobernamentais (ONG).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Normativa específica de almacenaxe	Relacionaremos a normativa específica do almacenamento e recoñeceremos as normas de contratación e de tratamento de mercadorías especiais.	22	15
2	Organización do proceso de almacén	Organizaremos o proceso de almacenamento por tipo de actividade e volume de mercadorías, aproveitando optimamente os espazos e os tempos de manipulación.	25	20
3	Confección e control do orzamento do almacén	Confeccionaremos e controlaremos o orzamento do almacén, identificando desviacións provintes da asignación de custos.	25	20
4	Xestión de stocks	Xestionaremos as existencias do almacén asegurando o seu aprovisionamento e a súa expedición.	25	15
5	Xestión das operacións suxeitas a loxística inversa	Xestionaremos as operacións suxeitas a loxística inversa, determinando o tratamento que haxa que darlles ás mercadorías retornadas.	25	15
6	Supervisión dos procesos realizados no almacén	Supervisaremos os procesos realizados no almacén, implantando sistemas de mellora da calidade do servizo e plans de formación e reciclaxe do presoal.	25	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Normativa específica de almacenaxe	22

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona a normativa específica do almacenamento recoñecendo as normas de contratación e de tratamento de mercadorías especiais.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as normas que regulamentan as actividades de almacenamento e distribución.
CA1.2 Aplicouse a normativa na formalización do contrato de depósito.
CA1.3 Comentáronse as normas nacionais e internacionais sobre o almacenamento de produtos.
CA1.4 Analizáronse os aspectos que caracterizan un depósito alfandegueiro, unha zona e un depósito franco, un local autorizado, etc.
CA1.5 Definíronse as formalidades e os trámites que deben realizarse nun almacén.
CA1.6 Planificáronse, no almacén, sistemas de calidade homologables a nivel internacional.

4.1.e) Contidos

Contidos
Marco legal do contrato de depósito e actividade de almacenamento e distribución. Normativa específica para mercadorías especiais: perigosas, perecedoiras, etc. Réximes de almacenamento en comercio internacional.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización do proceso de almacén	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza o proceso de almacenamento por tipo de actividade e volume de mercadorías, aproveitando optimamente os espazos e os tempos de manipulación.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizáronse as condicións e as modalidades dos sistemas de almacenamento segundo diferentes variables.
CA2.2 Estableceuse a secuencia dos subprocesos do proceso loxístico de almacenaxe.
CA2.3 Realizouse o deseño en planta do almacén en función das operacións e dos movementos que haxa que realizar.
CA2.4 Seleccionáronse equipamentos, medios e ferramentas de manutención, segundo as características do almacén e das mercadorías almacenadas, aplicando criterios económicos, de calidade e de servizo.
CA2.5 Aplicáronse métodos e técnicas de aproveitamento óptimo dos espazos de almacenamento.
CA2.6 Utilizáronse métodos de redución nos tempos de localización e manipulación das mercadorías.
CA2.7 Seleccionáronse sistemas modulares de envasamento e embalaxe das mercadorías do almacén.
CA2.8 Concretáronse procedementos de prevención de riscos no almacén.

4.2.e) Contidos

Contidos
Almacén: concepto, clases e tipos de produtos para almacenar.
Plataformas loxísticas.
Deseño de almacéns: Necesidade, capacidade e localización. Organización de actividades e fluxos de mercadorías no almacén: administración, recepción, expedición, almacenamento, movementos, picking, corredores e preparación de pedidos e distribución. Cross
Organización dos almacéns: Medios de manipulación e transporte interno e externo. Análise dos tipos de sistemas de almacenamento: vantaxes e desvantaxes.
Sistemas modulares. Unidades de carga: palés e contedores.
Sistemas de seguimento das mercadorías: terminais de radiofrecuencia, codificación e lectores de barras, etc. Terminais portátiles e sistemas de recoñecemento de voz.
Xestión da embalaxe.
Normativa de seguridade e hixiene en almacéns. Instalacións xerais e específicas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Confección e control do orzamento do almacén	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Confecciona e controla o orzamento do almacén identificando desviacións provenientes da asignación de custos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Determináronse as partidas e os conceptos que cumpra ter en conta para elaborar un orzamento estimativo do servizo de almacén.
CA3.2 Calculouse periodicamente o custo de funcionamento do almacén.
CA3.3 Identificáronse os indicadores ou estándares económicos óptimos: custo por hora, custo por servizo, etc.
CA3.4 Calculáronse os custos de almacén en función da urxencia, os prazos de entrega, a preparación de mercadorías, co-packing, paletización, etc.
CA3.5 Analizáronse as desviacións sobre os custos previstos, identificando a súa causa e a súa orixe, e propuxéronse medidas correctoras de acordo co procedemento establecido pola empresa.
CA3.6 Preparouse o orzamento de gastos do almacén, tendo en conta os custos da actividade e o nivel de servizo establecido, utilizando follas de cálculo informático.
CA3.7 Calculáronse periodicamente os custos de funcionamento do almacén utilizando follas de cálculo informático.

4.3.e) Contidos

Contidos
Custos de almacenamento: variables que interveñen no seu cálculo. Custo de adquisición. Custo por unidade almacenada.

Contidos
Folla de cálculo como ferramenta de procesamento dos datos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Xestión de stocks	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona as existencias do almacén asegurando o seu aprovisionamento e a súa expedición.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasificáronse os tipos de inventarios e a finalidade de cada un.
CA4.2 Aplicáronse os conceptos de existencias medias, mínimas e óptimas, identificando as variables que interveñen no seu cálculo e a velocidade de rotación das existencias.
CA4.3 Prevíronse as unidades necesarias de existencias no almacén para evitar roturas de existencias.
CA4.4 Valoráronse as existencias do almacén utilizando diferentes métodos.
CA4.5 Controláronse as existencias do almacén, supervisando o procedemento e as normas establecidas para identificar desviacións do inventario e formular medidas rectificadoras.
CA4.6 Realizáronse as tarefas necesarias para atender os pedidos de mercadorías efectuados polos clientes e a expedición destas.
CA4.7 Rexistráronse as altas, baixas e modificacións de produtos (código EAN), provedores, clientes e/ou servizos por medio de ferramentas informáticas.
CA4.8 Utilizáronse aplicacións informáticas xerais para xestionar as existencias, e específicas para a identificación de materiais, xestión de pedidos, extracción e rexistro de saídas do almacén.

4.4.e) Contidos

Contidos
Xestión de existencias.
Control económico: control de incidencias; recontos.
Ciclo do pedido de cliente.
Criterios de valoración das existencias no almacén.
Software xeral que integre todos os aspectos do almacén, utilizando procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, cronogramas, etc.
Programas específicos de xestión de almacéns e existencias: xestión de peiraos, de almacéns, de aprovisionamentos e de existencias, elaboración de etiquetas, etc.
Programas de xestión de compras, almacén e vendas: xestión de artigos, de almacén, de fabricación, de vendas, etc.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión das operacións suxeitas a loxística inversa	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Xestiona as operacións suxeitas á loxística inversa, determinando o tratamento que haxa que darlles ás mercadorías retornadas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Analizáronse as actividades relacionadas coa loxística inversa segundo a política de devolución ou acordos alcanzados coa clientela.
CA5.2 Prevíronse as accións que cumpra realizar coas mercadorías retornadas (reparación, reciclaxe, eliminación ou reutilización en mercados secundarios).
CA5.3 Definíronse as medidas necesarias para evitar a obsolescencia e/ou contaminación das mercadorías retornadas.

Criterios de avaliación
CA5.4 Aplicouse a normativa sanitaria e ambiental.
CA5.5 Deseñouse a recollida dos envases retornables coa entrega de nova mercadoría, aplicando a normativa.
CA5.6 Clasificáronse as unidades e/ou os equipamentos de carga para a súa reutilización noutras operacións da cadea loxística, evitando o transporte en baleiro.
CA5.7 Clasificáronse os tipos de embalaxes e envases para os reutilizar seguindo as especificacións, as recomendacións e a normativa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Devolucións. Custos afectos ás devolucións. Reutilización de unidades e equipamentos de carga. Contedores e embalaxes reutilizables.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Supervisión dos procesos realizados no almacén	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Supervisa os procesos realizados no almacén, implantando sistemas de mellora da calidade do servizo e plans de formación e reciclaxe do persoal.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Analizáronse os elementos necesarios para a implantación dun sistema de calidade no almacén, seguindo as pautas da empresa e/ou a clientela.
CA6.2 Previuse a implantación de sistemas de calidade e seguridade para a mellora continua dos procesos e dos sistemas de almacenamento.
CA6.3 Valorouse o cumprimento dos procesos e os protocolos do almacén, partindo do plan ou do manual de calidade da empresa.
CA6.4 Valorouse a implantación e o seguimento da mercadoría por sistemas de radiofrecuencia ou con outras innovacións tecnolóxicas.
CA6.5 Investigáronse os elementos necesarios para asegurar a rastrexabilidade das mercadorías e o cumprimento da normativa relativa a ela, utilizando sistemas de xestión de almacéns.
CA6.6 Fixáronse os obxectivos dun plan de formación tipo para mellorar a eficiencia e a calidade do servizo de almacén.
CA6.7 Detectáronse as necesidades de formación inicial e continua, tanto individuais como do equipamento no seu conxunto.
CA6.8 Utilizáronse programas de xestión de tarefas e cronogramas para controlar as tarefas, os tempos e o persoal, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais.

4.6.e) Contidos

Contidos
Sistemas de calidade no almacén. Aplicación de sistemas de seguridade para persoas e mercadorías. Plans de formación inicial e continua no equipo de traballo do almacén: obxectivos e métodos de formación. Avaliación de plans de formación. Novas tecnoloxías aplicadas á automatización e a informatización dos procesos ou subprocesos do almacén.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son aqueles contidos que se consideran imprescindibles para lograr o resultado de aprendizaxe . Existen algúns criterios de avaliación que, a pesar da súa importancia, poden non ser esixidos ao alumnado sen que por iso se impida a adquisición da competencia profesional. Son mínimos esixibles os que se relatan a continuación:

- Analizar as normas que regulamentan as actividades de almacenamento e distribución.
- Aplicar a normativa na formalización do contrato de depósito.
- Comentar as normas nacionais e internacionais sobre o almacenamento de produtos.
- Analizar os aspectos que caracterizan un depósito alfandegueiro, unha zona e un depósito franco, un local autorizado, etc.
- Definir as formalidades e os trámites que deben realizarse nun almacén.
- Planificar, no almacén, sistemas de calidade homologables a nivel internacional.
- Analizar as condicións e as modalidades dos sistemas de almacenamento segundo diferentes variables.
- Establecer a secuencia dos subprocesos do proceso loxístico de almacenaxe.
- Realizar o deseño en planta do almacén en función das operacións e dos movementos que haxa que realizar.
- Seleccionar equipamentos, medios e ferramentas de manutención, segundo as características do almacén e das mercadorías almacenadas, aplicando criterios económicos, de calidade e de servizo.
- Aplicar métodos e técnicas de aproveitamento óptimo dos espazos de almacenamento.
- Utilizar métodos de redución nos tempos de localización e manipulación das mercadorías.
- Seleccionar sistemas modulares de envasamento e embalaxe das mercadorías do almacén.
- Concretar procedementos de prevención de riscos no almacén.
- Determinar as partidas e os conceptos que cumpra ter en conta para elaborar un orzamento estimativo do servizo de almacén.
- Calcular periodicamente o custo de funcionamento do almacén.
- Identificar os indicadores ou estándares económicos óptimos: custo por hora, custo por servizo, etc.
- Calcular os custos de almacén en función da urxencia, os prazos de entrega, a preparación de mercadorías, co-packing, paletización, etc.
- Analizar as desviacións sobre os custos previstos, identificando a súa causa e a súa orixe, e propuxéronse medidas correctoras de acordo co procedemento establecido pola empresa.
- Preparar o orzamento de gastos do almacén, tendo en conta os custos da actividade e o nivel de servizo establecido, utilizando follas de cálculo informático.
- Calcular periódicamente os custos de funcionamento do almacén utilizando follas de cálculo informático.
- Clasificar os tipos de inventarios e a finalidade de cada un.
- Aplicar os conceptos de existencias medias, mínimas e óptimas, identificando as variables que interveñen no seu cálculo e a velocidade de rotación das existencias.
- Previr as unidades necesarias de existencias no almacén para evitar roturas de existencias.
- Valorar as existencias do almacén utilizando diferentes métodos.

- Controlar as existencias do almacén, supervisando o procedemento e as normas establecidas para identificar desviacións do inventario e formular medidas rectificadoras.
- Realizar as tarefas necesarias para atender os pedidos de mercadorías efectuados pola clientela e a expedición destas.

Analizáronse as actividades relacionadas coa loxística inversa segundo a política de devolución ou acordos alcanzados coa clientela.

- Prever as accións que cumpra realizar coas mercadorías retornadas (reparación, reciclaxe, eliminación ou reutilización en mercados secundarios).
- Definir as medidas necesarias para evitar a obsolescencia e/ou contaminación das mercadorías retornadas.
- Aplicar a normativa sanitaria e ambiental.
- Deseñar a recollida dos envases retornables coa entrega de nova mercadoría, aplicando a normativa.
- Clasificar as unidades e/ou os equipamentos de carga para a súa reutilización noutras operacións da cadea loxística, evitando o transporte en baleiro.
- Clasificar os tipos de embalaxes e envases para os reutilizar seguindo as especificacións, as recomendacións e a normativa.
- Analizar os elementos necesarios para a implantación dun sistema de calidade no almacén, seguindo as pautas da empresa e/ou a clientela.
- Valorar o cumprimento dos procesos e os protocolos do almacén, partindo do plan ou do manual de calidade da empresa.
- Investigar os elementos necesarios para asegurar a rastrexabilidade das mercadorías e o cumprimento da normativa relativa a ela, utilizando sistemas de xestión de almacéns.
- Fixar os obxectivos dun plan de formación tipo para mellorar a eficiencia e a calidade do servizo de almacén.

A avaliación será entendida como o proceso para verificar si o alumnado conseguiu os obxectivos previstos.

A cualificación final de cada avaliación será o resultado de aplicar os criterios que se mencionan a continuación, correspondendo coa media ponderada das partes a) e b):

a) Probas escritas de carácter teórico-práctico entre o 60%:

Realizaranse unha proba ou dúas por unidade, en función das necesidades do alumnado e da lonxitude das unidades didácticas. As probas escritas poderán constar de preguntas tipo test, preguntas breves de desenvolvemento, exercicios, supostos prácticos ou comentarios de textos ou noticias.

Para facer media é necesario ter nesta parte unha nota igual ou superior a un 4 sobre 10.

Para superar esta parte da avaliación deberase acadar unha media igual ou superior a 5 sobre 10.

O alumnado ten a obriga de presentarse ás probas escritas e de entregar os proxectos nos días marcados. O feito de non facelo así condúceo ao decaemento no dereito de realización da mesma, excepto cando a súa ausencia estivese debidamente xustificada con un documento oficial.

No caso de que se "pille" copiando a algún alumno, poñeráelle unha nota de 0 nese exame, co que terá que recuperalo no exame final do módulo.

b) Traballos e tarefas 40%:

Ao longo das sesións o alumnado deberá entregar unha serie de actividades dentro do prazo indicado .

A cualificación deste apartado será sobre 10, sendo necesario ter un 5 para superalo.

É obrigatorio facer a entrega de todos os traballos avaliables e prácticas na data establecida. A non entrega de traballos e tarefas restará a súa parte proporcional na cualificación deste apartado.
O retraso das entregas penalizarase da seguinte maneira: 1 día 10% da porcentaxe correspondente a esa práctica; 2 días 20%; 3 días 30%; 4 días 40% e 5 días 50%. O quinto día será o último para entregar a tarefa. A partir de ahí non se recolle e pasará a restar a parte correspondente na nota.

A entrega dun traballo plaxiado resolverase da seguinte maneira: se o alumno/a copia dun compañeiro/a restaráselles a ámbolos dous a porcentaxe da nota correspondente a esa práctica e non terán posibilidade de volver a facela. Se o alumno/a plaxia dunha fonte de información (Internet, libro, revista, etc) procederase da mesma maneira _descontando a porcentaxe da nota correspondente e non dándolle outra oportunidade para presentala_.
É imprescindible ter un 4 sobre 10 nas tarefas para facer media.

As probas por videoconferencia faránse, única e exclusivamente, nos casos nos que o alumnado teña xustificante oficial de que non pode acudir a unha proba final de xuño ou no caso da final de marzo-abril.
A cualificación final será a media da nota das cualificacións parciais. Para superar o módulo é imprescindible sumar 5 puntos, polo menos, en cada unha das avaliación parciais. Non se fará media se o alumnado non chega ao 5 sobre 10 en cada avaliación.

No caso de non asistencia ao exame, o alumno poderá recuperalo no exame final, sendo causas xustificables para a recuperación do mesmo:

- Conciliación da vida familiar e laboral
- Consulta e revisións médicas
- Deber inescusable de carácter público ou persoal
- Enfermidade xustificada documentalmente
- Exames oficiais e de permiso de condución
- Exames prenatais e técnicas de preparación ó parto
- Falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención quirúrxica dun familiar ata segundo grao.
- Contratación laboral

PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN ESTAS FALTAS DEBERÁN XUSTIFICARSE DOCUMENTALMENTE ANTE O PROFESORADO TITOR NUN PRAZO MÁXIMO DE 3 DÍAS LECTIVOS DESDE QUE SE PRODUCE

- Contrato de traballo
- Fotocopia cotexada do libro de familia
- Certificado de defunción
- Documento que acredite a hospitalización ou a intervención cirúrxica grave segundo o motivo que xera a solicitude do permiso
- Certificado de convivencia ou informe do traballador social en que acredite as persoas que conforman a unidade familiar
- Documento acreditativo da asistencia á proba de aptitude, exame final ou proba de acceso ou ingreso á función pública en que figure o lugar, a data e o centro de realización.

- Documento xustificativo da necesidade de realización das revisións médicas dentro da xornada laboral, debidamente dilixenciado.
- Documento acreditativo das limitacións que lles impiden ir sós ou de que non poden valerse por si mesmos (acompañamento ás revisións médicas)
- Orixinal ou copia cotexada da citación ou convocatoria do órgano xudicial, administrativo, órgano de goberno ou comisión dependente deles ou calquera outro órgano oficial
- Documento acreditativo de ter a condición de elixible no proceso electoral ou de formar parte dunha mesa electoral
- Documento que acredite a asistencia dos deportistas de alto nivel ás competicións de carácter internacional, así como as concentracións preparatorias destas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non obteña un 5 de media na primeira avaliación terá dereito a unha proba de recuperación a mediados do mes de xaneiro. Esta proba constará de exercicios teórico-prácticos, ao igual que as anteriores. O alumnado que teña a segunda avaliación suspensa deberá presentarse ao exame final ordinario con esa parte soamente. Será necesario obter un 5 sobre 10 para acadar a avaliación positiva.
Este exame ordinario servirá tamén para avaliar cada un dos trimestres non superados, de maneira que o alumnado poida presentarse coa avaliación non superada, ou con todo o curso. Para acadar unha avaliación positiva deberá obter como mínimo un 5 sobre 10.
Se ainda así o alumnado non conseguira ter unha avaliación positiva irá co contido de todo o módulo á proba extraordinaria de xuño.
Considerarase convocatoria ordinaria a proba realizada no mes de marzo-abril para a recuperación de contidos non superados, e extraordinaria en xuño, para o total de contidos do módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina na normativa, o número de faltas non xustificadas que implica a perda do dereito a avaliación continua por parte de do alumnado será do 10% do total do módulo. O alumnado con perda de avaliación contínua deberá superar un exame global da materia na convocatoria extraordinaria do mes de xuño. Para superar o módulo é necesario acadar polo menos un 5 sobre 10.
Esta proba final constará dunha serie de preguntas teóricas e casos prácticos relacionados co contido de todo o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación levarase a cabo mensualmente de acordo coa convocatoria da xefatura do departamento, na que se analizará o seu grado de desenvolvemento así como as medidas a tomar en relación coas incidencias que vaian xurdindo.
Para a avaliación da práctica docente usarase un cuestionario cunha serie de items que se lle entregará ao alumnado ao final da primeira avaliación, de xeito que o profesorado poida mudar aquelas medidas que

non son de axuda de cara ao aprendizaxe.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O primeiro día de curso farase un debate co alumnado para coñercer o grado de formación sobre o módulo de loxistica.
Se nesta avaliación se detectase que o nivel do alumando non é o suficiente para a comprensión do tema de introducción, incluiránse nons primeiros días do curso contidos de reforzo que lles axuden a comprender mellor as seguintes unidades didácticas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ainda que se tratará de apoiar e axudar a todos os alumnos no proceso de aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos do módulo, prestaráselle especial atencón a quelas personas que presenten algunha dificultade de aprendizaxe ou algunha problemática de comportamento.
O alumnado que non responda globalmente aos obxectivos marcados recibirá unha atención máis frecuente por parte do profesorado, que revisará a entrega de exercicios de maneira máis frecuente e de ser preciso entregará exercicios de apoio que axuden a asentar os contidos e a superar o módulo de maneira positiva.
Nestes casos solicitarase axuda ao departamento de orientación, trataranse de adaptar os contidos e as actividades para que este estudantado poida lograr os mínimos exisibles e acadar así unha avaliación positiva. Tratarase tamén de axudarlles a integrarse co resto dos compañeiros garantindo que non se sintan excluídos nin menosprezados polas súas dificultades.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais estará presente ao longo de todo o módulo co fin de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática.
Trataranse os seguintes temas temas transversais:

Compañeirismo, respeto polas diferenzas, tolerancia e empatía.
Fomento da responsabilidade e perseverancia no traballo,
Intolerancia a comportamentos e comentarios sexistas e xenófobos.
Respeto polo medio ambiente: reciclaxe, uso de materiais non contaminantes, reutilización.
Responsabilidade social das empresas

Igualdade de dereitos no mundo do traballo

Ademáis de aproveitar para traballar estes contidos durante as sesións de clase nas que a materia esté relacionada de maneira directa co asunto, tamén se aproveitaran datas sinaladas para reforzar a educación en valores.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tratarase de complementar a formación con cantas actividades complementarias sexan posibles. En concreto tentarasnse facer:
-Visita a diferentes establecementos comerciais para que poidan analizar o deseño e organización da superficie.
-Asistencia a áreas de almacenaxe para que poidan ver en vivo e en directo o explicado na aula
- Charlas de persoas expertas na materia

Estas actividades trataránse de facer en colaboración con outros módulos do ciclo, de maneira que o alumnado acade unha visión xeral tanto da loxística de almacenamento como da de aprovisionamento, así como de outros múltiples aspectos estudados ao longo do curso.

10.Outros apartados

10.1) Bibliografía recomendada

Libro "Logística de almacenamiento"
Autoras: Virginia Sáenz de Miera e María Clara Gutiérrez Gómez
Editorial: Marcombo